



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Sección de Educación e Cultura

Expediente convocatoria : 2024000010341

Expediente relacionado: 2024000018390

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACEPTA A RENUNCIA DE MIGUEL BOULLÓN CASSAU Á BOLSA DE INVESTIGACIÓN DO ANO 2024 - ÁREA DE CIENCIAS DA SAÚDE E E ADXUDÍCASE A PATRICIA QUARANTA DÍAZ

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

A resolución número 40688 do 10 de outubro de 2024 aprobou a concesión definitiva das bolsas de investigación 2024 - Área de ciencias da saúde.

Miguel Boullón Cassau presentou un escrito renunciando á bolsa, polo que propónse a adxudicación da bolsa á primeira suplente, Rebeca Martínez Borrajo.

O 27 de novembro de 2024 Rebeca Martínez Borrajo presentou un escrito desistindo da súa solicitude, polo que propónse a adxudicación da bolsa á segunda suplente, Alba Paz Castro.

O 3 de decembro de 2024 Alba Paz Castro presentou un escrito desistindo da súa solicitude , polo que propónse a adxudicación da bolsa á terceira suplente, Patricia Quaranta Díaz.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a renuncia de Miguel Boullón Cassau e as desistencias da solicitude de Rebeca Martínez Borrajo e Alba Paz Castro.

Segundo.- Conceder a bolsa á seguinte persoa:

Titular da bolsa: PATRICIA QUARANTA DÍAZ

NIF: ***2166**

Expediente: 2024000018390

Obxecto da bolsa: *Búsqueda de Biomarcadores para el tratamiento de enfermedades reumáticas mediante técnicas proteómicas*

Importe da bolsa: 10.000 €

Terceiro.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, contabilizando a adxudicación da bolsa a nome de Patricia Quaranta Díaz, realizando as seguintes operacións contables:

- Anular o documento AD número de operación 220240047008 por importe de 10.000 €

- Emitir o/s documento/s contable/s D para a contabilización da adxudicación a nome de Patricia Quaranta Díaz

Cuarto.- Publicar a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.